



Un mar de aventuras



O meu nome é Ana e Uxía é a miña compañeira de clase. Ten sete anos, coma min. É moi boa e traballadora.

Uxía ten moita sorte porque viaxa moito. Cando chega á escola cóntanos moitas cousas de sitios moi afastados e nós escoitamos atentamente como se nos estivese relatando un conto.

A súa última viaxe foi a América e alí estivo na selva. A min, entroume un pouco de medo, por sido de pensar en animais salvaxes coma o tigre ou o león...

Na próxima viaxe díxonos que irá ao espazo. Para min que é mentira, porque está moi lonxe. Ademais, para poder ir tes que ter un traxe especial!

1) Cantos anos ten Ana?

2) Quen é Uxía?

3) Por que Uxía ten moita sorte?

4) Onde foi Uxía de viaxe a última vez?

5) Por que lle entrou o medo a Ana?

6) Onde vivían os animais salvaxes en América?

7) Por que cre Ana que Uxía non irá ao espazo?